

# Devolución de portátiles do alumnado

Xuño de 2022

Neste curso 2021-2022 o CPI de Mosteiro-Meis tivo implantado [o proxecto E-Dixgal](#) en 5º e 6º de Educación Primaria e nos catro cursos da Educación



Secundaria Obrigatoria. Como parte deste proxecto, o alumnado destes niveis dispuxo durante dun portátil en réxime de cesión, que deberá **devolver no caso de non continuar os seus estudos neste centro no curso 2022-2023**. Pola contra, o alumnado que siga no centro no vindeiro curso poderá dispoñer do equipo durante o

período estival.

A continuación, achegámoslles os detalles do proceso de devolución.

## Cando se debe devolver o portátil?

A devolución dos equipos deberá efectuarse nas seguintes datas:

1. **Xoves, 23 de xuño**
2. **Luns, 27 de xuño**

## Que elementos hai que entregar?

O alumnado deberá entregar en perfecto estado os seguintes elementos:

**Portátil**  
**Cargador**  
**Maletín**

Ademais, a nai, pai ou titor/a legal de cada alumno deberá asinar o **acordo de recollida** que se lle proporcionará despois de revisar o estado do equipo, do cargador e mais do maletín.